

## **DEPARTAMENTO DE INGLÉS**

### **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA 1º ESO**

#### **PRIMEIRO TRIMESTRE:**

O alumno deberá demostrar que é capaz de

- Escribir, falar e conversar de forma minimamente intelixible para o receptor sobre:

1. Información persoal básica: nome, idade, familia, lugar de procedencia.
2. Expresar actividades cotiás no presente.
3. Describir o seu entorno escolar: a aula, as asignaturas, etc.
4. Deletrear palabras.

- Demostrar unha comprensión mínimamente aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais emitidos polo profesor ou por medios mecánicos.

As estruturas da gramática e o vocabulario mínimos que o alumno deberá coñecer para tal fin son:

- Saúdos.
- O abecedario.
- Verbo BE: presente (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Verbo HAVE GOT
- Pronomes persoais, demostrativos e interrogativos.
- O presente simple (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Vocabulario referente a:

1. Obxectos da aula e asignaturas.
2. Días da semana.
3. Meses do ano .
4. Membros da familia.
5. Tempo libre.
6. Rutina.

#### **SEGUNDO TRIMESTRE:**

O alumno deberá demostrar que é capaz de:

- Escribir, falar e conversar de forma intelixible para o receptor sobre:

1. As capacidades.
2. Describir o que está a suceder.
3. Expresar intencións.

- Demostrar unha comprensión mínimamente aceptable sobre textos escritos e orais producidos polo profesor ou por medios mecánicos.

As estruturas da gramática e vocabulario mínimos que o alumno deberá coñecer para acadar tal fin son:

- Can
- O presente continuo (afirmativa, negativa e interrogativa)

Vocabulario referente a:

1. Partes dunha vivenda e mobiliario.

2. Roupa.
3. Expresións temporais de presente e futuro.
4. Tempo atmosférico.
5. Comida.

### TERCEIRO TRIMESTRE:

O alumno deberá demostrar que é capaz de:

-Escribir, falar e conversar de forma intelixible para o receptor sobre:

1. Suxerencias e invitacións.
2. Feitos pasados.
3. Ubicación de obxectos, persoas, etc.

- Demostrar unha comprensión mínimamente aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais producidas polo profesor ou por medios mecánicos.

As estruturas da gramática e vocabulario mínimos necesarios para tal fin son:

- Nomes contables e incontables.
- a/an/some/any.
- Be (pasado simple)
- Pasado simple de verbos regulares (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Preposicións de lugar.
- Vocabulario referente a:
  1. Lugares nunha cidade.
  2. Tipos de música.
  3. Verbos.
  4. Expresións de pasado: yesterday, last month, etc.

## **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA 2º ESO**

### PRIMEIRO TRIMESTRE:

O alumno deberá demostrar que é capaz de

- Escribir, falar e conversar de forma minimamente intelixible para o receptor sobre:

1. Información persoal
2. Saúdos e presentacións
3. Rutinas diarias
4. Feitos pasados
5. Intercambio de información
6. Debate
7. Compara e describe

- Demostrar unha comprensión mínimamente aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais emitidos polo profesor, compañeiros ou por medios mecánicos.

As estruturas da gramática e o vocabulario mínimos que o alumno deberá coñecer para tal fin son:

- Verbo BE, HAVE GOT, THERE IS /ARE: presente (afirmativa, negativa e interrogativa)
- O presente simple (afirmativa, negativa e interrogativa)
- O presente continuo (afirmativa, negativa e interrogativa)
- O pasado simple (afirmativa, negativa e interrogativa)
- A comparación: adxectivo; as...as; too...; (not)...enough

- Vocabulario referente a:

1. Adxectivos, a casa, animais, lugares nunha cidade, deportes
2. A escola
3. Actividades
4. Verbos
5. Sucesos da vida
6. Xeografía
7. Adxectivos

### SEGUNDO TRIMESTRE:

O alumno deberá demostrar que é capaz de:

- Escribir, falar e conversar de forma intelixible para o receptor sobre:

1. Facer preguntas
2. Comparar accións
3. Feitos pasados rematados ou en progreso
4. Feitos e plans futuros
5. Situacións reais e hipotéticas

- Demostrar unha comprensión mínimamente aceptable sobre textos escritos e orais producidos polo profesor, ccompañeiros ou por medios mecánicos.

As estruturas da gramática e vocabulario mínimos que o alumno deberá coñecer para acadar tal fin son:

- preguntas suxeito e obxecto
- adverbios de modo
- o pasado continuo: afirmativa, negativa e interrogativa
- o futuro con will, going to, presente continuo
- 1º e 2º tipo de condicional

- Vocabulario referente a:

1. O tempo
2. A familia
3. Crimes e persoas
4. Transporte
5. Verbos

### TERCEIRO TRIMESTRE:

O alumno deberá demostrar que é capaz de:

-Escribir, falar e conversar de forma intelixible para o receptor sobre:

1. Feitos pasados que teñen relación co presente
2. Comparación de experiencias
3. Nutrición
4. Debates sobre distintos tipos de vida
5. Consellos
6. Expresar opinións

- Demostrar unha comprensión mínimamente aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais producidas polo profesor, compañeiros ou por medios mecánicos.

As estruturas da gramática e vocabulario mínimos necesarios para tal fin son:

- o presente perfecto simple: afirmativa, negative e interrogativa
- for / since
- Verbos modais (can, can't, could, must, mustn't, should)
- Xerundios e infinitivos
  
- Vocabulario referente a:
  1. Experiencias.
  2. Adxectivos Tipos de música.
  3. Nutrición e fitness
  4. Moda

## **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA**

### **3º ESO**

#### **PRIMEIRO TRIMESTRE:**

O alumno deberá demostrar que é capaz de:

- Escribir, falar e conversar dun xeito intelixible para o receptor e con corrección gramatical sobre :

1. información persoal,
2. rutinas diarias.
3. feitos pasados.
4. concertar citas con amigos.
5. dar instrucións para chegar a un lugar concreto.

- Demostrar unha comprensión aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais producidas polo profesor ou por medios mecánicos.

As estruturas da gramática e vocabulario mínimos que o alumno deberá coñecer para tal fin son:

- Be e have got : present simple(affirmative, negative e interrogative)
- Can
- Adxectivos posesivos
- Presente Continuo (afirmativa, negative e interrogativa)
- Presente Simple (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Was/were
- Vocabulario referente a :
  1. presentacións persoais.
  2. rutinas diarias.
  3. adxectivos para expresar sentimentos.
  4. expresións de tempo presente e pasado e tendas.
  5. expresións comúns para indicar direccións.

#### **SEGUNDO TRIMESTRE:**

O alumno deberá demostrar que é capaz de:

- Escribir, falar e conversar de forma intelixible para o receptor e con corrección gramatical sobre:
  1. a obriga.
  2. a personalidade.
  3. a cantidade.
  4. a comparación.

5. feitos pasados que teñen relación co presente.
6. experiencias.
7. facer plans cos amigos

-Demostrar unha comprensión aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais producidas polo profesor ou por medios mecánicos.

-As estruturas da gramática e vocabulario necesarios para tal fin son:

- Have to
- Nomes contables e incontables.
- Some e any, much, many, a lot of.
- Adxectivos en grao comparativo e superlativo.
- O Presente Perfecto: afirmativa , negativa e interrogativa.
- For e since.
- How long...?
- Vocabulario referente a:

1. traballo doméstico.
2. adverbios de frecuencia.
3. adxectivos de personalidade.
4. deportes de risco.

### TERCEIRO TRIMESTRE:

O alumno deberá demostrar que é capaz de :

- Escribir, falar e conversar de xeito intelixible para o receptor e con corrección gramatical sobre:

- predicións futuras.
- procesos de elaboración.
- expresar condicións.
- dar consellos.

- Demostrar unha comprensión aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais producidas polo profesor ou por medios mecánicos.

As estruturas da gramática e vocabulario mínimos necesarios para tal fin son:

- Will (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Present passive (afirmativa e negativa)
- A primeira condicional (If...).
- Should/shouldn't.
- Vocabulario referente a:
  - Establecementos.
  - Tecnoloxía.
  - Comida.

## **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA 4º ESO**

### PRIMEIRO TRIMESTRE:

O alumno deberá demostrar que é capaz de:

- Escribir, falar e conversar dun xeito intelixible para o receptor e con corrección gramatical sobre :

1. Intercambio de información persoal,
2. Linguaxe da aula
3. feitos, actividades e historias no pasado.
4. logros e obxectivos .
5. xente admirada.

- Demostrar unha comprensión aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais producidas polo profesor, compañeiros ou por medios mecánicos.

As estruturas da gramática e vocabulario mínimos que o alumno deberá coñecer para tal fin son:

- Contraste present simple / presente continuo
- Pasado simple
- Used to
- Contraste pasado simple / pasado continuo
- Presente perfecto simple (afirmativa, negative e interrogativa)
- Contraste pasado simple / presente perfecto simple

Vocabulario referente a :

- Equipamento deportivo, verbos de acción, roupa e accesorios, artigos de viaxe, traballos, móbiles, comida e bebida.
- Lugares nunha cidade
- Adxectivos (descrición física e personalidade)
- Verbos
- Experiencias

### SEGUNDO TRIMESTRE:

O alumno deberá demostrar que é capaz de:

- Escribir, falar e conversar de forma intelixible para o receptor e con corrección gramatical sobre:
  1. dar opinións
  2. describir un proceso
  3. falar sobre os desexos
  4. falar sobre problemas
  5. entrevistar
  6. contar noticias

-Demostrar unha comprensión aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais producidas polo profesor; compañeiros ou por medios mecánicos.

-As estruturas da gramática e vocabulario necesarios para tal fin son:

- voz pasiva: presente, pasado, futuro, modais
- futuro: will, going to, presente continuo
- 1º e 2º tipo de oración condicional
- estilo indirecto: presente simple, continuo, futuro, modais

Vocabulario referente a:

- o medio
- materiais e envases

- relacións persoais e verbos
- o crime e verbos relacionados

### TERCEIRO TRIMESTRE:

O alumno deberá demostrar que é capaz de :

- Escribir, falar e conversar de xeito intelixible para o receptor e con corrección gramatical sobre:

1. a posibilidade e a certeza
2. Identificación de persoas, lugares e cousas
3. as tradicións
4. suxerencias
5. preferencias
6. comparacións

- Demostrar unha comprensión aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais producidas polo profesor, compañeiros ou por medios mecánicos.

As estruturas da gramática e vocabulario mínimos necesarios para tal fin son:

- pronomes relativos: who, which, that, where, when
- Composto de some/any : persoas, cousas e lugares
- Modais: can, could, must, have to, may, might (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Comparación: adxectivos comparativos e superlativos, (not) as...as; too .....; (not) .... enough

Vocabulario referente a:

- Ciencia e tecnoloxías
- cultura e tradicións
- xeografía
- adxectivos
- obxectos cotiáns

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Os **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN** que aplicaremos, una vez levados a cabo os procedementos e instrumentos de avaliación anteriormente citados serán os seguintes:

### **EXAMES DE AVALIACIÓN:**

- **COÑECEMENTOS LINGÜÍSTICOS:** 15% da cualificación global. Avaliarase mediante probas escritas (estruturas gramaticais, funcións da linguaxe e léxico)
- **COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA:** 30% da cualificación global. Avaliarase mediante probas escritas de *Reading Comprehension* e *Writing*.
- **COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL:** 30% da cualificación global. Avaliarase mediante probas de *Listening Comprehension*, ditados, presentación oral de tarefas, probas orais e observación directa na aula.

**CONTROIS/TAREFAS:** 15% da cualificación global. Todos os controis ou probas individuais ou en parella ou grupo que se fagan ao longo do trimestre computarán neste apartado, así como todas as tarefas feitas polos alumnos na aula e avaliadas polo profesor.

**ACTITUDE:** 10% da cualificación global. Neste apartado teremos en conta o traballo, interese e o esforzo que os alumnos fagan en relación coas súas capacidades. Aínda que o seu nivel de

coñecementos sexa baixo o alumno deberá amosar interese na aula, esforzarse en traballar e realizar as tarefas encomendadas polo profesor dentro e fóra da aula, así como ter unha actitude respectuosa e responsable cara aos seus compañeiros nas actividades individuais, por parellas ou grupos; todo isto axudará ao alumno a acadar unha mellor nota global. Da mesma maneira, se un alumno cun bo nivel de coñecementos tivese unha actitude de apatía, desinterese ou mal comportamento na aula, a súa nota global veríase afectada negativamente.(Comportamento, uso do inglés na aula, deberes ou tarefas feitas na casa e actitude.)

O **libro de lectura** obrigatoria será avaliado no segundo ou terceiro trimestre do curso. A nota obtida será tida en conta no apartado de **COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA** cun 20% do total do apartado (30%).

A non lectura do libro prescrito suporá que a nota máxima do alumno na calificación global da avaliación poida baixar.

## **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN cos que contaremos na parte de comprensión e expresión escrita serán:

- todas as probas realizadas (controis de unidades, controles de cuestións concretas, de final de unidade, exames de avaliación),
- a realización das tarefas encomendadas polo profesor no tempo e forma propostos (exercicios, redaccións, etc) dentro e fóra da aula,
- o caderniño de exercicios (workbook),
- o uso das novas TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN por parte dos alumnos na realización de tarefas dentro e fóra da aula, presentación de traballos, búsqueda de información, etc.
- Tamén teremos en conta os seus progresos na APRENDIZAXE AUTÓNOMA da lingua no referente á búsqueda de información, presentación da mesma, uso autónomo de materiais de referencia como dicionarios, gramáticas, internet, etc.

Os INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN cos que contaremos na parte de comprensión e expresión oral serán todas as probas específicas realizadas seguindo os procedementos anteriormente citados:

- a observación directa na aula,
- o esforzo e interese do alumno por comprender e facerse comprender en lingua inglesa, independentemente da dificultade da tarefa, e a realización das tarefas encomendadas polo profesor en tempo e forma propostos dentro e fóra da aula.
- as tarefas
- a participación
- o traballo colaborativo en parellas e grupos
- o caderno de exercicios e mais o cadernillo (workbook)
- todas as probas individuais realizadas na aula, ben a final de cada unidade ou do trimestre

Neste apartado teremos tamén en conta os progresos dos alumnos na APRENDIZAXE AUTÓNOMA da lingua, en cuanto a iniciativa persoal, interese, preparación autónoma das tarefas propostas, colaboración nos traballos por parellas ou grupos,etc.